



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

REGULAMENTO DO “SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO DE FOZ”

SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS

Art.1.- Obxecto

Este documento ten por obxecto regular o funcionamento do “SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO DE FOZ” coma parte integrante dos servizos sociais públicos de carácter comunitario deste concello. A finalidade deste Servizo é a de apoiar á persoa beneficiaria e ós seus coidadores mediante o préstamo de axudas técnicas ou produtos de apoio para o normal desenvolvemento da vida diaria, complementar as adaptacións funcionais do fogar que contribúan a mellorar a autonomía persoal e a prever situacións de dependencia maiores e compensar as súas limitacións funcionais.

Art.2. Ambito territorial de aplicación

Este servizo será de aplicación exclusivamente no termino municipal de Foz.

Art.3. Catálogo de axudas técnicas

Neste intre, o concello de Foz dispón de 4 CAMAS ARTICULADAS con colchón plastificado e manivela de manipulación, procedentes do Hospital Xeral de Lugo e cedidas en uso polo SERGAS.

Este catálogo é susceptible de ampliarse coa inclusión de: bastóns, muletas, andadores, guindastres, cadeiras de rodas, aparatos e instrumentos para facilitar a alimentación, o vestido, o baño e aseo persoal, a comunicación, etc...; que o concello puidera mercar nun futuro e/ou recibir en doazón.

ARTÍCULO	Nº	DISPOÑIBILIDADE
3.1. Camas articuladas	4	DISPOÑIBLES
3.2. Colchóns plastificados	4	ACTUALMENTE
3.3. Muletas e Bastóns	0	POTENCIAL DISPOÑIBILIDADE FUTURA
3.4. Andadores	0	
3.5. Guindastres	0	
3.6. Cadeiras de rodas	0	
3.7. Aparatos/Instrumentos para facilitar a alimentación	0	
3.8. Aparatos/Instrumentos para facilitar o vestido	0	
3.9. Aparatos/Instrumentos para facilitar o baño/aseo persoal	0	
3.10. Aparatos/Instrumentos para facilitar a comunicación	0	
3.11. Outros	0	

Art.4. Concepto

Enténdese, ós efectos deste Regulamento, por axudas técnicas todos aqueles mecanismos, instrumentos técnicos e materiais que contribúen ó desenvolvemento adecuado das persoas con limitacións físicas, psíquicas e sensoriais para favorecer o desenrolo das súas actividades cotiás e facilitar os seus coidados.

Art.5. Beneficiarios

a) Poderán beneficiarse das axudas técnicas, persoas individuais o unidades familiares.

b) Serán titulares do dereito e nos límites que permitan as existencias dos distintos tipos de instrumentos técnicos e materiais en propiedade do concello de Foz, as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

1.º Persoas que se atopen en situación de dependencia por enfermidade e/ou minusvalía física, psíquica ou sensorial, que dificulten a realización das actividades básicas de la vida diaria, necesitando da asistencia o coidados por parte de terceira persoa ou axudas técnicas importantes. En canto a este requisito, a falla de autonomía que motive o dereito a estas axudas técnicas debe ser debidamente acreditada coa resolución de valoración do grao de dependencia e/ou co certificado de minusvalía en vigor que conteña a puntuación regulamentaria polo concepto de mobilidade reducida e/ou necesidade de terceira persoa. Sen menoscabo dos anteriores documentos, poderán aportar cantos informes médicos consideren oportunos, acreditativos da situación de necesidade.

2.º Persoas que, non tendo recoñecido un grao de dependencia ou minusvalía sinalados no punto 1º, ben por estar en trámite de obtención dos mesmos ou ben porque non o teñen tramitado/solicitado; presentan unha situación de saúde que os fai dependentes de terceira persoa e/ou están encamados. En canto a este tipo de solicitantes, a situación de dependencia, falla de autonomía e/ou necesidade de axuda de terceira persoa, acreditarase cos correspondentes informes médicos que a tal efecto puideran aportar mais co modelo de informe médico que se lle facilite nos servizos sociais do concello de Foz.

3.º Estar empadroadado e ter residencia efectiva no concello de Foz.

Art. 6. Réxime de incompatibilidades.

a) Ninguén poderá ser beneficiario simultaneamente de máis dunha axuda técnica para a mesma finalidade, calquera que sexa a Administración Pública outorgante e tampouco se é entidade privada financiada con fondos públicos.

b) En xeral, será compatible o dispoñer polo mesmo beneficiario/a de varias axudas técnicas, e a utilización por este, dos servizos das Administracións Públicas ou de entidades privadas financiados por fondos públicos, cando teñan distinta natureza e atendan diferentes necesidades dentro dos límites establecidos.

Art. 7. Obrigas dos/as beneficiarios/as.

Os/As beneficiarios/as das axudas técnicas estarán obrigados a:

a) Destinar a axuda técnica prestada á finalidade para a que se outorga.

b) A axuda técnica deberá ser destinada exclusivamente ó/á beneficiario/a, sen que poida ser arrendada ou cedida a terceiros.

c) A permitir e facilitar a labor dos técnicos dos servizos sociais, para verificar a situación de dependencia e familiar, sen menoscabo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.

d) O/A beneficiario/a comprométese a recibir a axuda técnica cando esta se lle conceda e a devolver a mesma unha vez finalizado o seu uso, no lugar que se lle indique.

e) No caso de que no momento de devolución do material prestado, este non estea en boas condicións por mal uso ou negligencia, o custe de reparación ou reposición deberá ser aboado polo/a usuario/a. A través do persoal designado do concello de Foz se supervisará o estado da axuda técnica prestada no momento da súa devolución.

Todas as axudas técnicas teñen o carácter de recuperables para a súa posible reutilización por outros/as persoas, polo que deberán ser devoltas ó Concello de Foz unha vez finalizado o seu uso.

Neste intre o servizo de préstamo é gratuito, se ben o concello de Foz reservase a potestade de establecer un sistema de depósito dunha fianza á entrega da axuda técnica, co obxecto de detraer da mesma os custes de



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

reparación ou reposición necesarios á devolución da mesma, de se lo caso, debendo abonar o/a usuario/a a diferenza en caso de resultar esta fianza insuficiente para facer fronte ó custe da reparación o reposición. De igual xeito, reservase a potestade de establecer nun futuro un sistema de copago do aluguer das axudas técnicas, en función da capacidade económica dos/as usuarios/as.

A través do persoal dos servizos sociais municipais, se supervisará o estado da axuda técnica no momento da súa devolución.

Art. 8. Dereitos dos beneficiarios.

Os beneficiarios destas axudas técnicas terán os seguintes dereitos:

- a) Recibir en condicións óptimas e bo estado a axuda técnica que se solicita.
- b) Ser informados previamente de calquera modificación nas condicións do servizo.
- c) Á devolución da fianza depositada (de se lo caso), á finalización do préstamo, sempre e cando dita devolución se realice nas condicións estipuladas no artigo anterior.
- d) Recibir información sobre o manexo da axuda técnica.
- e) Renunciar á axuda técnica concedida e/ou desistir da súa solicitude.

Art. 9. Seguimento das axudas.

Será o persoal do departamento de Servizos Sociais do concello de Foz quen faga o seguimento das situacións de necesidade, do destino dado á prestación, así como a valoración do nivel de cumprimento por parte dos beneficiarios das obrigacións establecidas.

Art. 10. Xestión e tramitación.

1. Iniciación. O procedemento para a concesión das prestacións poderá iniciarse de oficio ou a instancia de parte.

- a) Si se inicia de oficio, deberá garantirse na súa tramitación os requisitos e circunstancias documentais fixados para o caso de que se iniciase a instancia de parte.
- b) As solicitudes se presentarán na Oficina de Servizos Sociais do concello de Foz, segundo o modelo adxunto (anexo I) e serán debidamente rexistradas de entrada, ou ben directamente no rexistro xeral do concello de Foz.
- c) As solicitudes acompañaranse cos documentos sinalados no punto 2 deste artigo.

2. Documentación. As solicitudes virán acompañadas dos seguintes documentos:

- a) Fotocopia do D.N.I. documento nacional de identidade do/a solicitante e da tarxeta sanitaria. No caso de estranxeiros N.I.E., permiso de residencia en vigor.
- b) Acreditación documental da residencia efectiva no concello de Foz, mediante certificado ou volante do Padrón municipal de habitantes.
- c) Documentos acreditativos da situación de necesidade determinante da solicitude. Informes médicos e/ou resolución de valoración do grao de dependencia e/ou minusvalía.
- d) Declaración responsable de que non se perciben outras axudas para a mesma finalidade.

- e) Autorización bancaria para la liquidación de la fianza correspondente, de se lo caso.
(Actualmente non se esixe porque non se fixa copago polo servizo).
- f) Documentos acreditativos dos ingresos do/a solicitante, de se lo caso.
- g) Outros documentos que se consideren necesarios.

Art. 11. Instrución.

1. A oficina de Servizos Sociais recibirá as peticións. Si a solicitude non reunira os requisitos sinalados neste Regulamento se requirirá a quen houbera asinado a solicitude para que no prazo de dez días hábiles subsane as fallas ou acompañe os documentos preceptivos, con apercibimento de que si así non o fixera se dará por desestimada a súa petición por entender que desiste, arquivándose sen máis trámite.
2. Unha vez completo o expediente, o Traballador Social coordinador dos servizos sociais municipais revisará que se reúnen os requisitos do presente Regulamento e valorará en función da dispoñibilidade das axudas técnicas.
3. Darase prioridade na concesión da axuda a aqueles solicitantes que teñan recoñecido un grao de dependencia e xa sexan usuarios/as do Servizo de Axuda no Fogar a Dependentes ou do Servizo de Axuda no Fogar de libre concorrência.
4. No caso de idéntico grao de dependencia/minusvalía, darase prioridade ó/a solicitante con menor capacidade económica e no caso de persistir a igualdade de puntuación, terase en conta a data de solicitude da axuda técnica, dándosele prioridade á solicitude máis antiga.
5. O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

Habida conta da dispoñibilidade dun número limitado de axudas técnicas, as solicitudes puntuaranse en función do factor “autonomía persoal” de acordo coa seguinte táboa:

Táboa de equivalencias para a valoración do nivel de autonomía persoal										
Falla de autonomía pero pendente de valoración	De 33% a 64% de discapacidade	De 65% a 74% de discapacidade	75%-100%		81%-87%		88%-93%		94%-100%	Grao de discapacidade en menores de 18 anos sen valoración de ATP ou BVD
			75%-100% discapacidade e ata 14 pts. ATP		75%-100% discapacidade e 15-29 pts. ATP		75%-100% discapacidade e 30-44 pts. ATP		75%-100% discapacidade e 45-72 pts. ATP	Grao de discapacidade + axuda terceira persoa. ATP (R.D. 1971/1999)
			75% discapacidade e ata 24 pts. BVD	25-39 pts. BVD	40-49 pts. BVD	50-64 pts. BVD	65-74 pts. BVD	75-89 pts. BVD	90-100 pts. BVD	Grao de discapacidade + axuda terceira persoa. Puntuación BVD (R.D. 504/2007)
				Grao I, Nivel 1	Grao I, Nivel 2	Grao II, Nivel 1	Grao II, Nivel 2	Grao III, Nivel 1	Grao III, Nivel 2	Situación de dependencia (Decreto 176/2007)
3 pts.	5 pts.	10 pts.	14 pts.	20 pts.	24 pts.	30 pts.	32 pts.	38 pts.	40 pts.	Puntuación Nivel de autonomía persoal
TOTAL PUNTOS AUTONOMIA PERSOAL										



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Art. 12. Resolución.

O/A Alcalde/sa do concello de Foz, ou quen legalmente o substitúa, resolverá o expediente sen máis trámite que a existencia dos documentos sinalados anteriormente, á vista do informe do Traballador Social coordinador dos servizos sociais municipais, no prazo máximo dun mes.

As resolucións serán sempre motivadas e expresarán os recursos que contra as mesmas se poidan interpoñer.

No caso de resolucións de concesión do préstamo da axuda técnica, a Oficina de Servizos Sociais do concello de Foz poñerase en contacto co interesado para a entrega do material, fixando o día e lugar de entrega. No caso de que non se presente se entenderá que o solicitante renuncia á prestación e se arquivará o expediente sen máis trámite.

Disposicións finais.

Primeira. Facultase ó Sr./a Alcalde/sa do concello de Foz, ou persoa na que delegue, para ditar as disposicións internas oportunas que poidan complementar os apartados contidos neste Regulamento, sen menoscabo da existencia futura doutra vía de acceso ó préstamo de axudas técnicas derivadas do *Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.*

Segunda. O presente Regulamento, de vixencia indefinida, entrará en vigor dende a súa publicación na páxina web do concello de Foz.-

B.O.P N°154 - 07/07/2014

ANEXOS

Solicitud de Préstamo Axudas Técnicas		ANEXO I			
Expediente SIUSS	Intervención nº	Data de solicitude	Data Rex. de Entrada		
270190100					
Sector de Referencia	Ámbito de Atención	Nº Total de Usuarios	Capacidade Económica		
Nome e Apellidos	Data Nacemento	DNI	Sexo	Estado Civil	
Enderezo	Teléf. fixo	Teléf. mobil	Nº Tarxeta sanitaria		
Grao Dependencia / Minusvalía	Data Inicio do Préstamo	Data Fin do Préstamo			
DIAGNÓSTICOS					

Solicito ó Servizo de Préstamo de Axudas Técnicas do concello de Foz, o préstamo da seguinte axuda/s técnica/s (marcar a que proceda) e manifesto coñecer as miñas obrigas e dereitos coma beneficiario/a do servizo.

<i>INSTRUMENTO-AXUDA</i>	<i>X</i>
Camas articuladas	
Colchóns plastificados	
Muletas e Bastóns	
Andadores	
Guindastres	
Cadeiras de rodas	
Aparatos/Instrumentos para facilitar a alimentación	
Aparatos/Instrumentos para facilitar o vestido	
Aparatos/Instrumentos para facilitar o baño/aseo persoal	
Aparatos/Instrumentos para facilitar a comunicación	

Documentación. As solicitudes virán acompañadas dos seguintes documentos:

- a) Fotocopia do D.N.I. documento nacional de identidade do/a solicitante e da tarxeta sanitaria. No caso de estranxeiros N.I.E., permiso de residencia en vigor.
- b) Acreditación documental da residencia no concello de Foz, mediante certificado ou volante do Padrón municipal de habitantes.
- c) Documentos acreditativos da situación de necesidade determinante da solicitude. Informes médicos e/ou resolución de valoración do grao de dependencia e/ou minusvalía.
- d) Declaración responsable de que non se perciben outras axudas para a mesma finalidade.
- e) Documentos acreditativos dos ingresos do/a solicitante.
- f) Outros documentos que se consideren necesarios.

En FOZ, a ____ de _____ de 20__ (sinatura)



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

CONTRATO/ACORDO DE PRÉSTAMO AXUDAS TÉCNICAS

ANEXO II

Reunidos en FOZ o día ___ de _____ de 20___, dunha parte Don/dona _____ con DNI: _____, actuando no seu propio nome e/ou en representación de Don/Dona _____ con DNI _____ e en calidade de _____ (sinalar parentesco).

E doutra D. _____, en calidade de Técnico responsable do Servizo de Préstamo de Axudas Técnicas do concello de Foz.

ACORDAN:

1.- Que o Concello de FOZ prestará a seguinte Axuda/s Técnica/s solicitada: _____, á persoa arriba citada, dende o día ___ de _____ de 20___.

2.- Que o préstamo da Axuda Técnica sinalada se realizará durante o período de tempo que persista a situación de necesidade que deu orixe á prestación, ou polo período concreto seguinte: _____ (de se lo caso) con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do departamento de Servizos Sociais.

3.- Que a persoa usuaria e/ou o seu representante, ten coñecemento das obrigas e dereitos dos beneficiarios/as deste servizo de préstamo, por canto se lles entrega copia do regulamento.

4.- Que, de acordo coa súa solicitude, a/as axuda/s técnica/s que se lle presta/n é/son a/as seguinte/s:

<i>ARTÍCULO</i>	<i>X</i>
Camas articuladas	
Colchóns plastificados	
Muletas e Bastóns	
Andadores	
Guindastres	
Cadeiras de rodas	
Aparatos/Instrumentos para facilitar a alimentación	
Aparatos/Instrumentos para facilitar o vestido	
Aparatos/Instrumentos para facilitar o baño/aseo persoal	
Aparatos/Instrumentos para facilitar a comunicación	
Outros	

5.- Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste contrato, deberán ser recollidas nun contrato novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do servizo, sendo anexadas ao contrato inicial.

6.- Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Regulamento Municipal do Servizo de Préstamo de Axudas Técnicas, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, requisitos, e demais instrucións de funcionamento e xestión do servizo.

7.- Informase da existencia dun libro de queixas e reclamacións a disposición das persoas usuarias.

Ambas partes dan a súa conformidade ó presente contrato/acordo de prestación do Servizo de Préstamo de Axudas Técnicas do concello de Foz, e o asinan

En FOZ a ____ de _____ de 20 ____.

A persoa usuaria

O técnico responsable



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Este documento e os seus anexos contén información reservada e datos de carácter confidencial ó amparo da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal e demais lexislación ó respecto, para o que se esixe o adecuado trato polas partes.

FICHA DE DOAZÓN DE AXUDAS TÉCNICAS			ANEXO III	
Nome e Apelidos	Data Nacemento	DNI	Sexo	Estado Civil
Enderezo	Teléf. fixo	Teléf. móbil	Data de entrada	

A persoa enriba citada, en pleno uso das súas facultades mentais, de xeito libre e voluntario e baixo a súa responsabilidade, **DOA ó concello de Foz**, para a súa incorporación ó catálogo de axudas do Servizo de Préstamo de Axudas Técnicas, o/os seguinte/s instrumentos, mecanismos, aparatos:

Relación de axudas técnicas doadas	

Términos e Condicións:

- A persoa doante non recibirá ningunha prestación económica nin servizo en concepto de pago pola doazón da axuda técnica.
- A **doazón** refírese ó feito de que a persoa cede a súa axuda técnica de xeito permanente para que sexa xestionada polo concello de Foz no seu Servizo de Préstamo de Axudas Técnicas.

Para que conste ós efectos oportunos, asina-la presente
en Foz a ____ de _____ de 20__.

O/A DOANTE,

O ALCALDE,

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Este documento e os seus anexos contén información reservada e datos de carácter confidencial ó amparo da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal e demais lexislación ó respecto, para o que se esixe o adecuado trato polas partes.

ANEXO IV - INFORME TECNICO - PROPOSTA DE RESOLUCION

Servizo Municipal de Préstamo Axudas Técnicas					
Expediente SIUSS	Intervención nº	Data de solicitude		Data Rex. de Entrada	
270190100					
Sector de Referencia	Ámbito de Atención	Nº Total de Usuarios		Capacidade Económica	
Nome e Apelidos		Data Nacemento	DNI	Sexo	Estado Civil
Enderezo		Teléf. fixo	Teléf. móbil	Nº Tarxeta sanitaria	
Grao Dependencia / Minusvalía		Data Inicio do Préstamo		Data Fin do Préstamo	

A vista da documentación aportada polo/a solicitante e logo da aplicación da táboa de equivalencias para a valoración do nivel de autonomía persoal, emítese a seguinte valoración:

PUNTUACIÓN NA TÁBOA DE EQUIVALENCIA PARA O NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL

En consecuencia, o Traballador Social propón a seguinte resolución:

CONCEDER a Don/a _____ o Servizo de Préstamo Municipal da Axuda Técnica solicitada por reunir os requisitos establecidos e de acordo cos seguintes detalles prestacionais e aportación económica/copago:

DATA INICIO	AXUDA TECNICA	PERIODO DE CONCESIÓN	ACHEGA/COPAGO
			€/mes

DENEGAR a Don/a _____ o Servizo de Préstamo Municipal da Axuda Técnica solicitada, por non reunir algún dos requisitos establecidos a tal fin e que se especifican: _____

En FOZ a ____ de _____ de _____.

O TRABALLADOR SOCIAL,

Este documento e os seus anexos son unha comunicación profesional que ten por obxecto información reservada en relación coa que o emisor deste documento ten unha obrigaçión de SECRETO e declárase expresamente de carácter CONFIDENCIAL ó amparo da [Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal \(LOPD\)](#) e demais lexislación ó respecto e para a que esixe o mesmo tratamento pola parte do receptor. Só ten dereito de acceder á mesma o seu DESTINATARIO/A, eludíndose calquera responsabilidade derivada do mal uso que do contido do presente documento puidera facerse por parte do receptor e/ou da utilización do mesmo para calquera outros fins distintos daqueles para os que foi realizado. Pola presente autorízase ó responsable do departamento para a recollida, tratamento e derivación dos seus datos persoais ós organismos e institucións que o considere oportuno coa única finalidade de xestionar e

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FOZ.

(1).-En nome propio, como mandatario, apoderado, representante.